



Darwin 2009

150 anos da teoría da evolución

Bicentenario do nacemento de Darwin

www.darwin2009.csic.es



Portada dunha edición española de 1899 da viaxe do *Beagle*, que recolle dous prólogos de Darwin, o primeiro de 1845 e o segundo de 1860, en que corrixe erros da primeira edición.

O darwinismo en España



O inicio da segunda metade do séc. XIX, período en que tivo lugar a difusión da teoría evolucionista de Darwin, non foi unha época adecuada en España para integrar na bioloxía os principios teóricos formulados n'A *orixe das especies*.

En primeiro lugar, no aspecto político, problemas como a censura e unha forte influencia dos sectores católicos máis integristas impediron a libre disertación da teoría darwinista nos últimos anos do reinado de Isabel II (1844-1868). Foi a partir da revolución de 1868 e durante o denominado Sexenio Revolucionario (1868-1874), coa apertura das liberdades públicas (liberdade relixiosa, de imprenta, de expresión, de ensinanza, etc.) promovidas polos gobernos democráticos, que se estableceron unhas novas condicións políticas que permitiron que a evolución puidera discutirse e defenderse sen temor a represalias. A influencia do pensamento filosófico xermánico difundido polos krausistas, grupo de intelectuais liberais partidarios da filosofía do alemán K. C. Friedrich Krause, abriron unha vía de penetración do evolucionismo en España, especialmente a través das obras de Ernst Haeckel e coa difusión dos textos do materialismo naturalista alemán. Isto contribuíu a que a polémica darwinista non se formulara en España en termos estritamente científicos, senón que se establecera entre creacionismo e materialismo.

Logo da efémera experiencia en España da I República, a vía de libre pensamento aberta en 1868 esvaeceuse co retorno da monarquía restaurada en 1875. Especialmente crítica diante da cuestión darwinista foi a posición da Igrexa católica, xa que a evolución cuestionaba o relato da creación da Xénese, e en especial a creación directamente por Deus da alma e do corpo humanos.

Outro factor máis específico que condicionou a recepción do darwinismo en España foi provocado pola ausencia dunha comunidade científica que tivera capacidade e desexos de emprender os seus traballos no marco da teoría evolucionista. No campo da bioloxía, os estudos encamiñáronse fundamentalmente cara ao desenvolvemento da taxonomía e a sistemática, é dicir, a identificación de plantas e animais, e en poucos deles é posible atopar un interese por buscar relacións de parentesco entre os grupos biolóxicos.

Salvador Calderón (dta.) e Juan Vilanova y Piera (esda.) participaron na polémica darwinista en España: o primeiro, krausista, aceptou de maneira crítica o evolucionismo de Darwin. Vilanova foi un antidarwinista partidario da harmonía entre ciencia e relixión.



Prego de *Nierembergia tandilensis*, do herbario de Juan Isern (1821-1866), botánico do Museo Nacional de Ciencias Naturais, pertencente á Comisión Científica do Pacífico (1862-1866). Os expedicionarios percorreron Canarias, Cabo Verde, Brasil, Uruguai, Arxentina, Chile, Bolivia, Perú e Ecuador, e nestes territorios Isern formou un herbario composto por uns 25.000 pregos de plantas. Esta colección, conservada no Real Xardín Botánico (CSIC), foi estudada polo de agora, por máis de 110 investigadores como Wilkomm, Philippi e Cuatrecasas. Fotografía: Herbario Real Xardín Botánico, CSIC.



Os naturalistas españois tiveron referencias da obra de Darwin sobre a orixe das especies desde 1860, durante o reinado de Isabel II. No entanto, o debate darwinista comezou en España durante o Sexenio Revolucionario (1868-1874).

Os naturalistas españois leron *A orixe das especies* traducida ao francés ou na súa versión orixinal. O primeiro tradutor de Darwin ao castelán foi Joaquín María Bartrina que, en concreto, traduciu o seu libro *El origen del hombre. La selección natural y sexual* (1876). Ao ano seguinte, en 1877 publicouse a primeira tradución completa ao español, realizada por Enrique Godínez, d'A *orixe das especies*.

